



"As bocas estaban cosidas fóra tamén, aquilo era noite e néboa, como o dos nazis"

Ana G. Liste

11 de xullo de 2025

<https://praza.gal/cultura/as-bocas-estaban-cosidas-fora-tamen-aquilo-era-noite-e-neboa-como-o-dos-nazis>

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) publica *As bocas cosidas* coa Editorial Galaxia, a súa primeira novela tras *As malas mulleres*, pola que recibiu o Premio Nacional de Narrativa en 2022 e Premio Eduardo Blanco Amor. A súa nova ficción segue estando moi pegada á realidade, pois parte dunha descuberta na súa propia familia coa que non contaba e que lle permitiu coñecer de primeira man como se tapan e silencian as cuestións ligadas á represión e, neste caso, ao que sucedeu nos anos da Guerra Civil e a ditadura posterior.

En xaneiro de 2010, o pai da autora recibiu unha chamada na que lle pedían colaboración para identificar a un curmán seu, guerrilleiro comunista, que estaba soterrado nunha fosa común en València. Grazas a esta chamada coñeceu a existencia deste familiar que a levou ás memorias de infancia en Doña Mencía (Córdoba), aos partisanos, aos campos de concentración e ás feridas herdadas da guerra e mais a ditadura franquista. Foi o seu irmán quen iniciou a investigación sobre este familiar represaliado, que lle serviu a ela para soste esta novela, na que fala de silencios e medos, pero sobre todo de moita dignidade.

Esta novela é unha demostración máis de que non hai que abrir ningunha ferida do golpe de Estado de 1936 porque seguen abertas, e neste caso incluso ocultas ata hai preto de quince anos. Como foi o impacto inicial ao coñecer a represión que sufriu o curmán do seu pai?

Creo que esta cuestión vai máis alá do que poida ocorrer nunha familia específica. O temor coseu as bocas dos vencidos e iso é algo xeral porque continuamente sabemos de historias de xente que conta cousas que aconteceron na súa familia e que non se falaban. Ti sabes que iso era así, o que non pensas é que tamén ocorría na túa propia familia. Dous anos antes, en 2008, soubemos pola outra parte da familia dun tío avó que antes de estar exiliado en Venezuela estivo nun campo de internamento. Neste caso si que nos contaran que estaba exiliado porque era

republicano, pero non toda a súa historia, porque tivo que ter cargos no Partido Comunista. Pero de Antonio non sabíamos nin que existía, meu pai podería ter morto sen contarnos nada. Pero estas foron das primeiras fosas que escavaron a finais de 2009 no País Valencià, e a través do

segundo apelido do meu pai, que é moi raro, localizaron aos fillos dun irmán del que lles deron o teléfono do meu pai. Chamaron o meu pai, que lles dixo que non quería dar saliva e, como conto ao comezo da novela, dicía que non quería saber nada desa historia. Pero como nos conta que o chaman, tiramos do fío.

Grazas ao programa de Paco Lobatón 'Quién sabe dónde' localizouse onde estaban enterrados oito represaliados, un deles curmán do pai da autora. Unha chamada pedindo mostras de ADN para identificalo abriu a fiestra a esta historia que agora é novela

Na novela os nomes propios están cambiados, pero mantéñense as relacións de parentesco e circunstancias veraces das súas vidas?

Si, os nomes están cambiados e, de feito, hai unha árbore xenealóxica ao comezo da novela. Miña avoa, que na novela é Sole, vivía casa con casa coa súa irmá. O que nos conta meu pai é que este curmán seu viviu na súa casa de neno. Cando o pai de Antonio [o protagonista desta historia] regresa a Doña Mencía arruinado, volve marchar ao pouco a intentar buscar traballo en Vallecas (cando aínda non formaba parte de Madrid) e reparte aos seus fillos entre a casa da miña avoa e a da súa irmá. Antonio e meu pai levábanse un ano.

Seu pai chegou a contarlles como se sentía ao saber do que pasara co seu curmán?

Negábase a falar disto. O que nós interpretamos agora, porque ao principio pensabamos que sabía algo e non nolo quixo contar, é que eles o único que souberon foi que deixaron de chegar cartas de Antonio. Levaba desde os 13 anos en Vallecas e non fora a Doña Mencía, só de visita unha vez ao saír do cárcere. Daquela, a Guardia Civil non informaba das mortes. Por que se localiza esta fosa en Benagéber? Porque a familia do outro guerrilleiro ao que matan á vez que a el, a nai e a irmá, van ao programa de Paco Lobatón, *Quién sabe dónde*, e alí se poñen a investigar. Ao principio os enterran como descoñecidos, levaban documentación falsa, de dous en dous xunto a outros seis traballadores do pantano que eran de alí. As bocas estaban cosidas fóra tamén, aquilo era noite e néboa, como o dos nazis. Non existiron e xa. Entón, cando no programa conseguen que a Garda Civil lles diga que está en Benagéber, empezan o proceso ata que unha asociación memorialista consegue que se inicie a exhumación.

Cando o seu irmán Miguel comeza a investigar a historia deste familiar, xa pensa en escribir unha novela?

El comezou localizar xente en 2010 e foi polos arquivos, a aínda hai pouco foi tirar unhas fotos dos sumarísimos, que están ao final da novela. El sempre me dixo que tiña que escribir unha novela, pero unha cousa é que haxa unha historia real, que evidentemente é interesante, e outra é pensar un fío para unha novela. Eu tiña algunhas notas, ía gardando o que me mandaba el... Estiven con el nas xornadas de Memoria Histórica de Doña Mencía, nas que contou esta historia. Pero non vía claro como escribilo.

Por iso destaca ao comezo do libro que unha novela é unha novela?

Si, tamén porque a xente ás veces pensa que todo o que se conta é certo. Toda a primeira parte está baseada nas miñas lembranzas de infancia, ata os dezaseis anos fun todos os veráns a Doña Mencía, ata que morreu a miña avoa. A pesar de que a miña infancia é nos anos cincuenta e

principios dos sesenta, e que a novela comeza no 1928, realmente no rural a vida non mudara tanto. Os xornaleiros dando voltas na praza agardando a que alguén lles dera traballo tivo que velo Antonio, pero é que iso o vin eu. É unha cousa que me quedou gravada, algúns non conseguían nada e volvían para casa, e alí a xente non ten hortas, non ten nada que ver con

Galicia. Isto pasa agora –polo que me contaron– nas estradas, preto de Huelva e Almería, cos migrantes que esperan para que os contraten para ir traballar os invernadoiros.

Na segunda parte da novela, cando conto toda a parte da represión, foime de moitísima axuda o traballo de Antonio Gómez Pérez, presidente da asociación para a recuperación da Memoria Histórica de Doña Mencía, Puerta de la Memoria, que documentou case día a día o que sucedeu na vila e tivo a xenerosidade de compartilo comigo.

Cando dá co fío para iniciar *As bocas cosidas*?

A finais de 2022 dou co fío, ou máis ben os fíos, que me van levar a escribir esta novela. O que pasa é que se me meteu polo medio o Premio Nacional de Narrativa e o ano 2023 foi un ano moi movido, con moita actividade. Á parte de que *As malas mulleres*, xa antes deste recoñecemento, levaba cinco edicións e estaba indo a moitos clubs de lectura. As novelas necesitan concentración, ese ano estiven escribindo poemas. Eu preciso tamén ter continuidade para poder meterme na historia por completo.

Hai algo da historia real que pensara en deixar fóra da novela?

Quizais a parte das armas. Xa no 47, uns meses antes da súa morte, había unha paranoia de que tiñan infiltrados, lembremos que Antonio era guerrilleiro, porque houbo unha serie de denuncias. Iso mesturado coas purgas do Stalinismo. Eu creo que quen ten unha arma a usa, dalgunha maneira as armas mandan. Iso puideron deixalo fóra, pero creo que é parte da historia do personaxe. Hai zonas escuras e paréceme máis honesto comigo mesma contalo.

Cre que lle puido marcar dalgunha maneira, aínda que non soubera da súa existencia realmente, o feito de ter na familia a estas persoas que loitaron pola República? Ou que eses veráns en Doña Mencía, sempre con alcaldes republicanos, puideron influír na súa conciencia política?

É que a historia oficial da miña familia é que todos estaban do lado dos franquistas, menos a ovella negra que era o meu tío Vicente, que estaba exiliado en Venezuela. Ademais, digamos que era impensable porque na miña familia tiñan terras. Meu avó era médico, e o seu pai, que era escaiolista, acabou sendo médico tamén. Meu pai é o terceiro médico nesa liña. Para min era moi difícil imaxinar que esta historia estaba aí.

Teño que preguntarlle polas Letras Galegas do ano que vén, que homenaxean a Begoña Caamaño. Como foi o debate interno na Real Academia Galega?

O que ocorre nos plenarios é confidencial. Normalmente, o que hai non son debates, polo menos desde que estou eu, non hai críticas ás candidaturas senón que se presentan as que hai, que este ano eran catro, unha persoa as defende e despois votamos. A xente pode preguntar algo, pero moitas veces, e pasou este ano, xente que presenta unha candidatura recoñece que hai outras moi boas. Neste momento, a verdade é que hai un ambiente de moita colaboración na Academia.

Percíbese un cambio dentro e en como se transmiten as cousas cara a fóra.

Todo o mundo sabe que eu son feminista, isto non é unha sorpresa. Pero sempre dixeran que nas academias, e en calquera sitio, cando a xente di que ten que haber mulleres, eu digo que ten que haber mulleres e ten que haber feministas. Porque, claro, é diferente, non? Na miña opinión, ademais, deberan ser metade e metade, máis ou menos, porque somos a metade da sociedade.

Paréceme moi positivo que este ano ninguén se dedicara a facer unha crítica durísima pola escolla de Begoña Caamaño co argumento de que son tres anos seguidos mulleres. Creo que xa está normalizado. Este ano, que seguimos recoñecendo ás cantareiras, a Academia recoñece que a cultura está no pobo. Nunca vira un fervor popular como o deste 2025.

É importante que a xente de Galicia vexa que a Academia está pendente das cousas que pasan, que hai unha interacción e que se recoñece que a cultura e a lingua galegas son do pobo. Begoña é unha narradora magnífica, pero foi tamén unhaxornalista comprometida, que estivo de representante do comité da CRTVG, comprometida cunha radio e unha televisión públicas. Neste momento, con toda a censura que hai nos medios, e a propia demolición da CRTVG coa nova lei, é moi importante destacar a figura de Begoña.

Ten un significado moi potente, a Academia está a mandar unha mensaxe importante.

Ela dicía que cando empezou a traballar na Radio Galega pensaban que estaban facendo unha radio para un país, non para unha comunidade invisibilizada. A Academia non pode estar afastada, creo que é algo que tiña claro o anterior presidente e que tamén ten claro o actual.